

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARZÚA

Aprobación definitiva regulamento xeral do uso do aparcadoiro público municipal "Recinto Feiral Terra do Queixo", ubicado na rúa Padre Pardo

ANUNCIO

APROBACIÓN DEFINITIVA REGULAMENTO XERAL DE USO DO APARCADOIRO PÚBLICO MUNICIPAL "RECINTO FEIRAL TERRA DO QUEIXO", UBICADO NA RUA PADRE PARDO.

Ao non presentarse alegacións durante o período de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo adoptado polo Pleno na sesión ordinaria celebrada o 30/01/2024, de aprobación do Regulamento xeral de uso do aparcadoiro público municipal "recinto feiral Terra do Queixo", ubicado na rúa Padre Pardo, cuxo texto íntegro faise publico, para xeral coñecemento e en cumprimento do artigo 70.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local:

REGULAMENTO XERAL DE USO DO APARCADOIRO PÚBLICO MUNICIPAL "RECINTO FEIRAL TERRA DO QUEIXO", UBICADO NA RÚA PADRE PARDO

Artigo 1. OBXECTO.

Este regulamento ten por obxecto regular o réxime xeral de uso, funcionamento e mantemento do aparcadoiro público municipal, propiedade do Concello de Arzúa, sito no baixo do Recinto Feiral Terra do Queixo, con acceso e saída pola rúa Padre Pardo.

Artigo 2. ORGANIZACIÓN DO APARCADOIRO.

O aproveitamento e entrada para as persoas usuarias do aparcadoiro será gratuïto.

O aparcadoiro permanecerá aberto desde as 8:00 horas da mañá até as 14:30 horas da tarde, agás reducións ou ampliacións de horario que poderá decretar o Alcalde. Os vehículos deberán abandonar o estacionamento antes das 14:30 horas, hora de peche das instalacións.

O Concello de Arzúa velará pola distribución das prazas de aparcadoiro e procurará que a situación das instalacións e servizos sexa a máis acaída para que tanto as operacións de entrada e saída do local como as de control do estacionamento se efectúen coa maior comodidade e no menor tempo posíbel.

O aparcadoiro disporá dos sistemas de seguridade e sinalización oportunos, de acordo coa normativa vixente.

Sobre as prazas de aparcadoiro non poderán realizarse obras ou instalación de elementos que modifiquen a súa configuración, protectores de praza nin alteracións das marcas e sinalización establecidas polo Concello.

Artigo 3. NORMAS DE CIRCULACIÓN.

Dentro do aparcadoiro e nos seus accesos as persoas usuarias deberán respectar estritamente:

As normas do Código de circulación e os preceptos legais ou regulamentos complementarios.

A sinalización de tráfico tanto vertical como horizontal.

A sinalización indicadora de calquera tipo que instale o Concello.

As indicacións que se fagan por escrito mediante cartaces.

As indicacións que efectúen verbalmente o persoal municipal ás persoas usuarias.

A velocidade máxima de circulación no interior do aparcadoiro e nos seu acceso e saída será de 10 qm/h.

Non se permitirán os adiantamentos entre vehículos, agás que se trate dun vehículo detido e a circulación o permita.

A marcha atrás só está permitida nas manobras necesarias para o estacionamento do vehículo e, con carácter excepcional, en casos de extrema necesidade.

Cando o vehículo estea aparcado, a persoa condutora apagará o motor e deixará posto o freo de man.

No caso de avaría, a persoa usuaria terá que comunicalo ao persoal municipal e seguir as instrucións que lle sexan indicadas no caso de que o vehículo entorpeza a circulación normal.

Permitirase a presenza de persoas usuarias no aparcadoiro sempre que se estean facendo as operacións que sexan necesarias para o uso do servizo.

Artigo 4. ENTRADA E SAÍDA.

Para a entrada e saída de vehículos o aparcadoiro conta con entrada e saída ubicadas na rúa Padre Pardo, estando a porta aberta ou barreira levantada permanentemente durante o horario no que estea aberto o aparcadoiro.

Artigo 5. EMPREGO DO APARCADOIRO.

O emprego das prazas de aparcadoiro suxeitarase ás seguintes normas:

As prazas serán destinadas ao estacionamento de vehículos e furgonetas, non podendo aparcarse camiións, caravanas nin autocaravanas.

O acceso ao aparcadoiro non implica a dispoñibilidade de prazas libres para o estacionamento de vehículos.

As prazas de aparcadoiro atribuiranse aos vehículos por orde da súa chegada, sen reservas nin preferencias de ningún tipo. Poderase rexeitar a admisión dalgún vehículo se implica perigo ou molestia para as demais persoas usuarias.

O emprego de máis dunha praza de aparcadoiro por un vehículo que impida o uso doutras prazas, pola súa colocación incorrecta ou calquera outra causa, poderá ser obxecto de denuncia e sanción segundo o previsto no presente Regulamento e a normativa vixente.

As persoas usuarias serán responsábeis dos danos que causen nas instalacións do aparcadoiro a outros vehículos ou persoas usuarias por dolo, culpa, negligencia ou infracción das normas establecidas no presente Regulamento ou na lexislación aplicábel.

Todas as persoas usuarias deberán velar polo bo mantemento do aparcadoiro, evitando o vertedura de calquera tipo de residuo fora das papeleiras ou puntos de recollida, derrame de líquidos e, en xeral, facendo un uso correcto das instalacións.

O estacionamento estará permitido exclusivamente no horario establecido. Os vehículos que non abandonen o estacionamento antes do peche do recinto, imporáselle unha sanción, por incumprimento do horario, de acordo co réxime sancionador determinado no artigo 11 do presente Regulamento.

Artigo 6. PROHIBICIÓNS. No aparcadoiro non se permite:

O acceso de vehículos de medidas superiores ás das prazas de aparcadoiro sinaladas.

O acceso de persoas que non empreguen os servizos do aparcadoiro, nin a permanencia innecesaria das mesmas unha vez empregados tales servizos. Ocasionalmente, no caso de avaría do vehículo estacionado, poderá autorizarse de forma expresa o acceso dun mecánico/a co seu vehículo para a reparación do vehículo avariado. Esta presenza no aparcadoiro será a mínima indispensable para que o vehículo saia do aparcadoiro polos seus propios medios e, se for necesario, poderá permitirse o acceso dun vehículo grúa de dimensións adecuadas, para que retire o vehículo avariado.

A entrada de animais de calquera especie, soltos ou para paseo. Quedan excluídos desta prohibición os animais que están nos vehículos sempre e cando acompañen ás persoas usuarias na súa saída ou entrada no aparcadoiro, sen poder deixalos no vehículo

A venda, comercio ambulante ou actividade de calquera natureza.

A introdución de materias combustíbeis, inflamábeis ou perigosas, agás, naturalmente, o carburante do depósito dos vehículos das persoas usuarias.

Acender lumes.

Calquera outra actividade que poida ser considerada perigosa ou que estea fóra dos usos correspondentes ao aparcadoiro.

Artigo 7. DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS USUARIAS.

As persoas usuarias que accedan a este servizo teñen dereito á ocupación da praza ou prazas de aparcadoiro que atopen vacantes en cada momento.

Para acceder ao servizo, a persoa usuaria ten dereito a realizalo de maneira gratuíta, sen ningunha outra limitación que a de respectar as prazas asignadas aos distintos Servizos do Concello de Arzúa e acceder ao aparcadoiro no horario de apertura ao público.

De deixar o usuario o vehículo pola noite no aparcadoiro, unha vez rematado o horario de apertura ao público, non poderá retiralo até a mañá seguinte, unha vez aberto ao público, e será sancionado de acordo co artigo 11 do presente Regulamento.

Artigo 8. DANOS

A utilización das prazas de aparcadoiro non constitúe un contrato de depósito do vehículo, nin dos obxectos que puidera haber no seu interior. O Concello de Arzúa non será responsábel dos roubos, perdas ou danos causados por terceiras persoas aos vehículos ou ao seu contido.

As persoas condutoras e propietarias dos vehículos serán responsábeis de todas as lesións e danos que puideran ocasionar co vehículo a persoas, vehículos, instalacións, estruturas etc. no aparcadoiro e nos seus accesos, e terán que pór en coñecemento inmediato do Concello o danos e lesións que teñan producido ou presenciado. Tamén é obrigatorio comunicar os danos ou lesións que poidan producir as persoas usuarias do aparcadoiro a calquera persoa que se atope dentro do recinto e nos accesos ao aparcadoiro.

As persoas usuarias causantes de accidentes terán a obriga de subscribir, inmediatamente despois de acontecer os feitos, unha declaración na que consten os danos e prexuízos ocasionados. Esta declaración deberá ser entregada nas dependencias da Policía Local de Arzúa.

Artigo 9. RETIRADA DE VEHICULOS.

Nos casos de abandono de vehículo polas persoas usuarias do aparcadoiro, nos prazos determinados na Ordenanza Municipal de Tráfico, procederase, se o vehículo non for retirado pola persoa usuaria, da seguinte maneira:

Practicar un aviso á persoa titular do vehículo ou outorgarlle un prazo de 10 días naturais para que poida retirar o mesmo.

Colocar no vehículo un adhesivo avisando de que se iniciou o procedemento para retiralo.

Se, transcorrido o prazo de 10 días, o vehículo non retirou, iniciaranse os trámites para que pola autoridade competente se ordene a retirada do vehículo. Todos os gastos xerados pola tramitación do procedemento indicado irán a cargo do titular do vehículo.

Artigo 10. GRATUIDADE DO APROVEITAMENTO DO APARCADOIRO.

O aproveitamento do aparcadoiro regulado no presente Regulamento, non queda suxeito a tarifa municipal ao ser un servizo de balde para as persoas usuarias.

Artigo 11. INFRACCIÓNS E RÉXIME SANCIONADOR.

1 A infracción de calquera dos artigos da presente Ordenanza, así como das disposicións que no seu desenvolvemento dítense pola Alcaldía, terán a consideración de infraccións ás normas de ordenación de tráfico e circulación e traerá consigo a imposición de sancións mediante o procedemento legal establecido.

O titular do vehículo, debidamente requirido para iso, ten o deber de identificar o condutor responsable da infracción e se incumprise esta obriga no trámite procedimental oportuno sen causa xustificada, será sancionado como autor da infracción recollida neste mesmo artigo.

2 Considéranse infraccións:

- a) Exceder o tempo permitido de estacionamento.
- b) Non identificar ao condutor, no prazo establecido.
- c) Estacionar fora dos límites sinalizados con pintura, ocupando máis de unha praza cun só vehículo.
- d) O estacionamento de vehículos non autorizados.
- e) As accións que provoquen danos nos vehículos e nas instalacións, incluídas as recollidas expresamente neste regulamento.
- f) A falla de entrega da declaración de danos e prexuízos causados nas instalacións.
- g) O abandono de vehículos nas instalacións.
- h) Exceder a velocidade máxima permitida (10 qm/h) dentro das instalacións.
- i) O incumprimento de calquera das obrigas recollidas no presente regulamento.

3 As infraccións sancionaranse en virtude do establecido no Real Decreto Lexislativo 6/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos de motor e Seguridade viaria e demais disposicións legais, complementarias e ordenanzas municipais.

As infraccións tipificadas no Artigo 11.2 b), c), e), f), h), i) serán sancionados con 100 € e no suposto contemplado no artigo 11.2 a), d), g), será sancionado con 300 € (cantidades que serán revisadas e actualizadas mediante Decreto de Alcaldía, no seu caso).

As infraccións tipificadas no artigo 11.2, que constitúan un obstáculo para a ordenación e mellora do tráfico e do servizo público de aparcamento, poderán determinar por si mesmas que por parte da autoridade municipal procedase a recuperar a libre disposición do espazo público indebidamente ocupado, retirando devandito vehículo e transportándoo ao lugar preparado para ese efecto para o seu depósito, con independencia da sanción económica que se impoña.

A retirada do vehículo levarase a cabo tamén cando un vehículo quede abandonado conforme ao establecido na Ordenanza Municipal. Os Axentes da Autoridade encargados da vixilancia do tráfico, quedan facultados para adoptar nos casos legalmente establecidos a medida cautelar de retirada de vehículos da vía e o seu depósito no lugar que se designe.

4 Calquera incumprimento do disposto no presente Regulamento poderá ser obxecto de denuncia segundo os preceptos recollidos na lexislación específica aplicábel en cada caso, e sancionado pola Alcaldía ou autoridade competente segundo o previsto polas normas aplicábeis ao procedemento administrativo sancionador. O Concello de Arzúa velará polo cumprimento das normas contidas no presente Regulamento, correspondendo ao Alcalde resolver sobre calquera transgresión do mesmo ou de calquera outra normativa vixente de obrigada aplicación ou observancia.

Artigo 12. DISPOSICIÓNS XERAIS.

1. Este Regulamento, trala súa aprobación definitiva e publicación, é de observancia obrigatoria para as persoas usuarias ou calquera outra persoa que se atope no interior do aparcadoiro ou nos seus accesos, sen prexuízo de que durante a tramitación do procedemento do presente regulamento se realice unha circular coas normas de funcionamento básico do aparcadoiro para a súa exhibición no mesmo.

2. As persoas usuarias, así como outras persoas que se poidan atopar no interior do aparcadoiro ou nos seus accesos, deberán respectar e acatar a indicacións que reciban por parte do Concello, destinadas a velar polo cumprimento deste Regulamento e de calquera outra disposición da autoridade competente e das que fora necesario adoptar puntualmente para manter o servizo público adaptado ás circunstancias.

3. O persoal municipal poderá acceder en calquera momento ao aparcadoiro para levar a cabo as súas funcións regulamentarias respecto ao control e vixilancia do cumprimento das normas dispostas neste Regulamento e de calquera normativa aplicábel dentro das súas competencias.

4. O aparcadoiro deberá deixarse libre cando o Concello de Arzúa o estime necesario por razóns de interese público que requiran de outro uso ocasional.

En Arzúa, a 19 de marzo de 2024

O alcalde

Asdo: Xoan Xesus Carril Ramos

2024/1897